



OURENSE, A SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 14-2025 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: COPA GALEGA MASCULINA; ABSOLUTA.

Equipos participantes: C.W. SANTIAGO; R.C. NÁUTICO

Día, hora: 1-3-25; 18:45.

FEITOS

PRIMEIRO: O día 3/3/25 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"No minuto 01:30 do terceiro período amósaselle a tarxeta vermella ao adestrador visitante do RCN Vigo, D. Luis Miguel Vilavedra, polos seguintes feitos: Tras aplicárselle a lei da vantaxe a un xogador do seu equipo, estando este actualmente no fluxo do ataque, protestar decisións arbitrais reiteradamente e berrando nos seguintes termos: «¡Pita o que tienes que pitar desde el principio!» «¡Así todo el partido!». Cando lle é amosada a tarxeta vermella, avanza cara o colexiado e berra «¡Enhorabuena! ¡Felicidades!». É preciso insistirlle en ata tres ocasións que debe abandonar o vaso da piscina, continuando coas protestas nos mesmos termos e expresións durante todo este tempo ata que por fin accede a retirarse á grada."

SEGUNDO. - Fixéronse alegacións, que foron remitidas a esta Xuíz Único o día da presente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada. A acta versa sobre "protestas arbitrais"; O escrito presentado de dona Mercedes González, e as alegacións feitas polo federado, non desvirtúan a realidade da acta e das manifestacións arbitrais.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor a **LUÍS MIGUEL VILAVEDRA**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN LEVE**, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente